

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Publicacións

Maleficios corporales

Image: maleficios-corporales_web-216

Acabo de ler este libro, un agasallo que moito lle agradezo ao seu autor, o profesor da Universidad de Castilla-La Mancha, Gerardo Fernández Juárez.

□*Maleficios corporales. Posesión, hechicería y chamanismo en España y América (Siglos XVI-XXI)*□, publicado pola editorial Abya-Yala, é un compendio moi entretido e documentado arredor de todas esas substancias e apócemas que unha vez introducidas no corpo por medio dos rituais dos feiteceiros causan o que coñecemos como posesión diabólica e outros estragos.

Un amplo repaso aos tratados de maxia, demonoloxía e bruxería, aos posuídos, energúmenos e espiritados, conxuros, ensalmos e oracións, documentación valiosísima deste período histórico tanto na península como na América colonial.

Un ensaio rigoroso, apoiado en numerosos testemuños extraídos de procesos inquisitoriais e das extirpacións de idolatrías en América, que nos permite entender mellor moitos relatos referidos a persoas que aínda hoxe en día cren padecer os efectos destes ou parecidos □maleficios□ e que acoden, contribuíndo con xenerosidade ao mantemento económico e á popularidade mediática de grandes santuarios galegos e do resto do mundo especializados en exorcizar meigallos e posesións diabólicas.

Unha oportunidade que nos brinda o autor para entender certas manifestacións da nosa cultura popular, tantas veces menosprezadas por descoñemento, sen decatarnos de que os □inquisidores□ foron, ao contrario do que dicían pretender, os grandes propagadores destas crenzas.

+ INFO: ► [Reseña editorial](#)